Concello de AMES

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 15 de marzo de 2018, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN VENTOSA. PAS 2015.-

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) das obras de saneamento en Ventosa.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de licitación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), resulta procedente adxudicar o contrato de obra.

Figura fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (informe 60/2018).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

***Primeiro.-** Adxudicar a realización da obra de "SANEAMENTO EN VENTOSA" á empresa Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA SL), con CIF B-15608193, e nas seguintes condicións:*

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de trinta e tres mil catrocentos catro euros e noventa e seis céntimos (33.404,96.- €)sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de sete mil quince euros e catro céntimos (7.015,04.- €)

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra saneamento en Ventosa ó enxeñeiro de camiños, da empresa Estudio Técnico Gallego SA, Julio C. Rojo Martínez.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

***Segundo.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a quince de marzo de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925